



## COMUNICADO CONXUNTO CONFAPA, CCOO-ENSINO, FESP-UGT, STEG, IESGA E ESCOLA VIVA

As organizacións CONFAPA-GALICIA, Federación de Ensino de CCOO de Galicia, FESP-UGT, IESGA e Escola Viva, integrados na Plataforma en Defensa do Ensino de Galicia e STEG despois das pasadas mobilizacións do 26 de outubro nas que esiximos a eliminación definitiva das reválidas, a derogación da LOMCE e a reversión dos recortes queremos compartir co conxunto da comunidade educativa e da cidadanía en xeral a nosa valoración sobre a aprobación polo Congreso dos Deputados na súa sesión plenaria de onte para iniciar a tramitación da Proposición de Lei sobre a suspensión do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, coñecida como LOMCE.

A proposición presentada aprobouse por 208 votos a favor, 133 en contra e 2 abstencións. O parlamento reflicte desta forma o rexeitamento maioritario da sociedade contra as reválidas en particular e contra a LOMCE en xeral.

Queremos recordar aos grupos políticos da oposición o seu compromiso de derogación da LOMCE e demandámoslles que acaden os consensos coa comunidade educativa para a construción dunha nova lei integradora e duradeira.

1

As organizacións que emitimos este comunicado estaremos especialmente atentas ao desenvolvemento desta iniciativa durante o tránsito nas institucións e non renunciaremos a promover novas mobilizacións no futuro se non se avanza nos consensos desa nova lei.

Entendemos que calquera iniciativa mobilizadora debe ser acordada de forma coordinada entre todos os membros da comunidade educativa, sexa do ámbito estatal, sexa nas comunidades autónomas con competencias plenas en materia educativa.

Dende a Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia e o STEG queremos felicitar ás familias, docentes e alumnado que apoiaron coa súa participación activa a histórica xornada de mobilización do 26 de outubro. A súa implicación e colaboración ten moito que ver, sen ningunha dúbida, co que se está a avanzar no Congreso.

O ministro viuse obrigado a anunciar a convocatoria da Conferencia Sectorial de Educación que debe concluír cunha norma que derogue os efectos do RD 310/2016 que regula as reválidas.

As organizacións asinantes instan ao Conselleiro de Educación a que nesa Conferencia Sectorial defenda o que a comunidade educativa galega lle demandou o pasado 26 de outubro. Os futuros orzamentos de educación teñen que iniciar o camiño da reversión dos recorte sufridos nos últimos anos.

